

Camping Baltar

Lugar de Baltar s/n (detrás del campo de fútbol)

36970 Portonovo – Sanxenxo (Pontevedra)

Teléfono: 986 691 888

E-mail: info@campingbaltar.com

Web: www.campingbaltar.com

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Entorno inmediato ao establecemento

- A entrada ao establecemento encóntrase nunha rúa con beirarrúas chairas e amplas, totalmente despexadas de obstáculos na liña de paso.

Acceso

- A entrada á recepción ten uns tornos cun ancho libre de paso de **82 cm** e xunto a eles hai unha porta que mide **80 cm**.
- As persoas con mobilidade reducida tamén poden acceder pola porta de entrada dos vehículos que dá acceso ao cámping.

Recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de **1,11 m**, son despachos situados na rúa. Para acceder a onde están os despachos, o pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.

Bungalow (Nº 3)

- N.º apartamentos accesibles: **4**. Están en planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta do bungalow mide **67 cm** de ancho e a do dormitorio abre cara ao interior e mide 68 cm de ancho.
- No salón e no dormitorio existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro. A distancia mínima entre mobles é de **1,40 m**.
- A cama ten unha altura de **50 cm** e accédese a esta polo lado dereito por un espazo de **1,40 m** de ancho.
- As portas do armario son abatibles e teñen tiradores de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura entre **31 e 66 cm**. O perchero está a **1,67 m** de altura.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

Cuarto de baño do bungalow

- A porta abre cara a dentro e mide **66,5 cm**.
- No interior non existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **80 cm** polo lado esquerdo. O asento está a unha altura de **39 cm** e o mecanismo de descarga está a **75 cm**.
- Non dispón de ningunha barra de apoio.

Lavabo

- Debaxo do lavabo hai un espazo libre de **72 cm** de alto e **13 cm** de fondo. A billa é monomando.

- A altura do bordo inferior do espello é de **1,41 m** e o resto dos accesorios do baño están entre **1,16** y **1,25 m**.

Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de **60 cm** de ancho.
- Para acceder unha persoa con mobilidade reducida ten que pasar da cadeira á cunca e despois á ducha, ou ben dende a cunca ten posibilidade de ducharse.
- O chan da ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- Non dispón dun asento de ducha nin de barras de apoio.
- A billa require o xiro de boneco e está situada a unha altura de **1,14 m**.

Cociña e comedor

- Está integrada no salón do bungalow e accédese por un oco de paso de **76 cm**.
- Na cociña hai un espazo libre de xiro de **1,29 m** de diámetro.
- O mesado, cociña e vertedoiro están a **89 cm** de altura, teñen mobles debaixo polo que non permiten a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas.
- Os mandos da cociña requiren o xiro do pulso.
- Os andeis superiores están a unha altura entre **1,35 e 2 m** e as inferiores a **18 y 85 cm**.
- Os andeis e caixóns do frigorífico están a unha altura entre **39 y 66 cm**.
- A mesa do comedor é de **4** patas e permite a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas. Ten **73,5 cm** de altura, debaixo hai unha altura libre de **61 cm** e un ancho de **66 cm** e fondo libre de **90 cm**.

Aseo adaptado na zona común

- Hai **5** aseos, situados en planta baixa e os itinerarios son accesibles.
- O aseo analizado é unha cabina independente e común para ambos os dous sexos. Sinalizouse co Símbolo Internacional de Accesibilidade (**SIA**).
- A porta da cabina abre cara a dentro e ten un ancho libre de paso de **77 cm**.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **1,30 m** de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de **2 m**. O asento está situado a unha altura de **44 cm** e o mecanismo de descarga a **1,12 m**.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo a unha altura de entre **55 y 72 cm**.

Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de **60 cm** de alto e **22 cm** de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de **91 cm** e o resto dos accesorios do aseo están a **77 cm**.

Ducha

- O chan da ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento.
- A altura da billa e da alcachofa é de **1,15 m**.
- Non dispón de barras de apoio nin de cadeira de ducha homologada.

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso

- A entrada á recepción ten uns tornos de **82 cm** de paso e xunto a eles hai unha porta cun oco de paso de **80 cm**
- Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

Bungalow estándar

- O número do cuarto indícase en números grandes e con cor contrastada.
- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.
-

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Bungalow estándar

- A TV tiene teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama

Aseos Comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", pero se teñen unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

Sinalización

- O cámping dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estanzas. Non todos seguen un mesmo patrón pero os textos teñen **3 e 5 cm** de altura e son de cor contrastada. Non dispoñen de información en braille nin en altorrelevo.

Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Cubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcamiento	Exterior	Accesible	Ningunha praza dispoñible está reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR), pero non existe problema de estacionamento.
Restaurante / Buffet almorzos	Exterior	Accesible cunha rampla de máis de 10 m de lonxitude, un ancho do 1,09 m e unha inclinación do 15%	Altura barra: 1,09 m Mesas cadradas con pata central. Altura de mesa: 74 cm , Altura baixo mesa: 71 cm Ancho baixo mesa: 29 cm , Fondo baixo mesa: 70 cm Non dispoñen de carta en braille.
Parcelas	Exterior	Accesibles	Son chairas cun espazo suficiente para o coche, a tenda e a deambulación.
Secadoras e lavadoras	Exterior	Accesible	Altura de botóns de mando: 75 cm
Lavadoiros	Exterior	Accesible	Os lavadoiros teñen unha altura de 87 cm . Debajo existe un espazo libre de 80 cm , un fondo de 24 cm e un ancho de 3 m . As secadoras e lavadoras teñen os botóns de mando a

			75 cm de altura.
Vertedoiro	Exterior	Accesible	Altura: 82 cm Altura baixo vertedoiro: 66 cm Fondo baixo vertedoiro: 24 cm . Ancho baixo vertedoiro: 3 m
Barbacoas	Exterior	Accesible	Altura: 75 cm Altura inferior libre: 62 cm . Fondo inferior libre: 78 cm Ancho inferior libre: 90 cm
Piscina	Exterior	Accesible	Non dispón de grúa de acceso ao vaso.